


ceip.barouta@edu.xunta.gal

CIENCIAS SOCIAIS						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución
			<ul style="list-style-type: none"> CSB4.5.2. Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA 	2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> Aprecia a herdanza cultural identificando algunha das tradicións que aínda se manteñen na actualidade.



ceip.barouta@edu.xunta.gal


EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo. ▪ B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos. ▪ B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ É quen de formular cun criterio estético, oralmente sobre a riqueza das distintas manifestacións artísticas.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías. ▪ B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual. ▪ B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe. ▪ B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos. ▪ B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais. ▪ B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aproxímase á lectura, á análise e á interpretación da arte en imaxes fixas ou en movemento nos contextos culturais e históricos correspondentes.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.2. Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 	



ceip.barouta@edu.xunta.gal

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CD 	
<ul style="list-style-type: none"> j i a 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción. B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación). B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación. B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC 	<ul style="list-style-type: none"> Manexa de forma responsable as tecnoloxías da información e de comunicación para a búsqueda, creación e difusión de imaxes.
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CD 	
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA					
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións. B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización de obras propias 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CCEC CAA CCEC CAA 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, recoñecendo e diferenciando os distintos materiais e técnicas pictóricas.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
	áreas ou ámbitos.		<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CCEC CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> d j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas. B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos. B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación. B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade. EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas. EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CSC CCEC CSC CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Respecta, valora e recoñece as distintas manifestacións artísticas que toman parte do patrimonio artístico e cultural.
<ul style="list-style-type: none"> i j b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados. B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias. EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCEC CD CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Usa de forma axeitada as Tics para a busca e tratamento para o deseño de documentos.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas). 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD 	
<ul style="list-style-type: none"> a b j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade. B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas). B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	<ul style="list-style-type: none"> Participa e realiza con interese producións plásticas respectando os materiais, utensilios e espazos utilizados.
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA 	
BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO					
<ul style="list-style-type: none"> g b j 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado. B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala. B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas. B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva. B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica conceptos xeométricos básicos.
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CMCCT 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC 	



ceip.barouta@edu.xunta.gal

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CSIEE 	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC 	



ceip.barouta@edu.xunta.gal

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			<ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCET CCEC 	
<ul style="list-style-type: none"> j g b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Iniciarase no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza traballos cos instrumentos básicos de debuxo.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

7.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O proceso de ensinanza e aprendizaxe cumprirá os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas (avaliación inicial), para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva, dosificando e estruturando os novos contidos conceptuais a través de mapas, esquemas...
- Posibilitar que o alumnado realicen aprendizaxes significativas por si solos.
- Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno/a poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.
- Favorecer situacións nas que o alumnado debe actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras.
- En coherencia co exposto, aplicaremos unha metodoloxía activa e motivadora, a través:
 - Integración activa do alumnado na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
 - Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.
 - Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
 - Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.

- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.
- Así mesmo, faremos fincapé na autonomía no proceso de aprendizaxe.

Polo tanto, debemos facilitar e desenvolver nos nosos alumnos/as:

- a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
- b) A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
- c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
- d) O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.
- e) A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- f) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discente e docente.
- g) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- h) A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
- i) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

j) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

k) O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

l) A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

m) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.

n) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

7.2. ORGANIZACIÓN DO ESPAZO:

A organización espacial das nosas experiencias levarémolas a cabo tanto dentro como fóra da aula. aproveitando tamén algunhas zonas comúns do centro que neste curso poidamos empregar. Barouta camiña cara a idea de converterse nunha escola-bosque, polo que realizaremos actividades ao aire libre, sempre que as condicións atmosféricas o permitan e contemos cos recursos adecuados para a súa realización.

Dentro da aula, existirán recunchos como o da biblioteca, de investigación-acción, arte...

7.3. ORGANIZACIÓN TEMPORAL:

Existen unha serie de variables a ter en conta á hora da organización temporal, tales como:

- Variables xerais: horario do centro, faltas de asistencia dos profesores e dos propios nenos/as, ou o número de sesións programadas.

- Variables persoais: a motivación, posibles dificultades ou limitacións particulares na aprendizaxe, o índice de atención e fatigabilidade, ou o malestar físico dos nenos/as.
- Variables didácticas: o desenvolvemento temporal axeitado de cada unidade didáctica ou contido específico a tratar, o número de sesións, o nivel comprensivo e de asimilación de obxectivos, criterios ou actividades de aprendizaxe.

Por iso a duración e obxectivos de cada unidade vai estar supeditados en todo momento ao alumnado, cambiando, modificando, suprimindo ou ampliando os obxectivos, contidos ou metodoloxía, segundo as necesidades, ritmos, estilos de aprendizaxe e motivación de cada alumno ou alumna.

7.4. ORGANIZACIÓN DO GRUPO AULA:

Para atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, e lograr que os obxectivos e competencias clave que nos propoñemos se leven a cabo, organizaremos diversas formas de agrupamento, contemplando as potencialidades de cada un.

Grupo completo: Xa que a colaboración e o traballo cooperativo favorecen que as aprendizaxes sexan máis enriquecedoras, creando un clima onde exista a cooperación e a distribución de responsabilidades, entendendo distintos puntos de vista, sendo capaces de tomar decisións conxuntas e superando os conflitos. Realizando actividades que fomenten a interacción entre eles, a través de diversas lecturas, explicación de tarefas, xogos, presentación de modelos e tempos dedicados aos faladoiros para mellorar a expresión oral.

Pequeno grupo: para favorecer a interacción cooperativa, a través do xogo ou actividades con grupos máis pequenos, onde realizaremos tarefas máis concretas e estruturadas de tal xeito que poda prestar axudas adecuadas a cada grupo de nenos/as ou parellas, segundo o grao de realización da tarefa.

Actividades individuais: tratase dunha metodoloxía que nos vai permitir que os alumnos se responsabilicen das súas propias actividades, así como para lograr a interacción máis específica entre o neno/a e o noso labor educativo, ao tempo que trataremos de promover estratexias de planificación de acción, para desenvolver neles unha certa autonomía e autoxestión.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaremos diferentes materiais didacticos. Empregaremos os contidos virtuais como guía para realizar a secuenciación das diferentes unidades pero non nos cinguiremos a el dun xeito ríxido. Poderase modificar a temporalización establecida en función das necesidades e intereses do alumnado. Ademáis terán unha especial importancia materiais para desenvolver a creatividade do alumnado e o desenvolvemento das competencias clave. Entre estes materiais destacamos:

- Regletas.
- Instrumentos de medida: regras, balanzas...
- Mapas.
- Xeoplano.
- Cadrados máxicos.
- Figuras xeométricas.
- Folletos de propaganda.
- Prensa.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Baralla de cartas.
- Bingo.
- Xogos de mesa.
- Fichas.
- Textos.
- Libros adaptados (literatura, historia, etc.).

- Material de laboratorio (pipetas, vasos de medidas, etc.)
- Videos
- Recursos web.
- Codigos QR.
- Material de refugallo.
- Ordenadores.
- Recursos TIC (serán imprescindibles debido a participación no Proxecto EDIXGAL).

Debemos destacar neste apartado a importancia do material TIC. Empregaremos o taboleiro dixital de xeito diario, computadoras nas sesións que se precisen para realizar pescudas de informacion ou traballar con recursos virtuais, así como par traballar cos libros dixitais.

O alumnado deberá responsabilizarse do coidado do seu equipo e de comunicar as dificultades que atope para un axeitado seguimento do proceso de aprendizaxe.

Os contidos a empregar ao longo do curso serán os facilitados no entorno virtual de aprendizaxe, EDIXGAL. Fundamentalmente utilizaremos como material didáctico os contidos da editorial NETEX e Aula Planeta, aínda que complementaremos o proceso de aprendizaxe con outros recursos.

En caso de que se presenten dificultades para acceder a plataforma ou poder visualizar os materiais na casa facilitaremos diferentes situacións acordes a cada caso para favorecer o aproveitamento do proceso de aprendizaxe. O emprego da carpeta Samba do profesor, posibilitará que o alumnado garde no seu pen copias de temas, así como tarefas a realizar. A carpeta Samba do alumno, permitirálles entregarnos os seus traballos dun xeito distinto, cando a plataforma Edixgal dea algún fallo ou non teñamos acceso en rede.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Cráterios de cualificación

Co fin de establecer un criterio obxectivo e equitativo para todo ao alumnado establécense os seguintes criterios de avaliación:

A avaliación estará baseada no progreso do alumnado e no desenvolvemento da Zona de Desenvolvemento Próximo, para valorar este progreso teremos en conta diferentes aspectos como: traballo diario do alumno, resultados acadados en probas orais e/ou escritas, mellora nas súas destrezas para o traballo en equipo, grao de adquisición das competencias clave mediante a adquisición dos estándares de aprendizaxe.

1. 60% da cualificación final: probas específicas escritas ou orais realizadas polo alumno. Análise das producións realizadas polo alumnado.
2. 20% da cualificación final: traballo realizado polo alumno, participación na aula, entrega de traballos, desenvolvemento das actividades grupais, etc.
3. 20% da cualificación: comportamento do alumno, actitude na aula, relación cos compañeiros, etc.

A entrega de actividades de ampliación formuladas ao longo do curso poderá supor un incremento dun 10% sobre a cualificación final de cada trimestre.

Cráterios de promoción

Para promocionar á seguinte etapa educativa o alumnado deberá acadar o grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe avaliábel así como acadar un desenvolvemento competencial axeitado en cada unha das Competencias Clave. Deberase ter en conta o establecido no artigo 13 do D.105/2014 polo se regula o Currículo na etapa de Educación primaria.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliaremos a nosa práctica docente e o proceso de ensinanza para realizar as modificacións necesarias. Empregaremos para realizar esta avaliación unha serie de indicadores tales como:

INDICADOR	GRADO DE CONSECUCIÓN				INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS
	1	2	3	4		
GRADO DE SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS					ENTREVISTAS COAS FAMILIAS	
GRADO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO					ENQUISA PARA O ALUMNADO	
COORDINACIÓN CO EQUIPO DOCENTE					ACTAS DAS SESIÓNS DE COORDINACIÓN	
AVALIACIÓN POSITIVA NOS INDICADORES DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN					TÁBOA DE INDICADORES DA PROGRAMACIÓN	
SUPERACIÓN DA MATERIA POR PARTE DO 80% DO ALUMNADO					ACTAS DE AVALIACIÓN	
GRADO DE SATISFACCIÓN COA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE					DIARIO DE AULA	

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A comezos de curso (primeira quincena do curso) realizarase unha proba de avaliación inicial do alumnado na que se reflectirá o seu punto de partida nos aspectos máis relevantes traballados o pasado curso. Tamén se considerarán as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/2021.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

Os resultados obtidos nesta avaliación serán orientativos e non servirán como parte da cualificación do alumno. Empregaranse como punto de partida e como un elemento para a identificación de necesidades.

Adoptaranse medidas individuais ou colectivas como consecuencia dos resultados: no caso de que os resultados da avaliación inicial non resulten positivos tomaremos unha serie de medidas a nivel colectivo e individual.

A nivel colectivo tentaremos dar resposta ás necesidades xerais do alumnado, modificando a temporalización da nosa programación, introducindo variacións metodolóxicas e incidindo naqueles aspectos curriculares máis febles.

A nivel individual realizaremos un seguimento do alumnado e estableceremos os plans de traballo individualizados que sexan precisos, tentando desenvolvelos en colaboración coas familias.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL

A medidas de Atención a Diversidade definidas polo D.229/2011 polo que se regula a Atención a Diversidade son aquelas actuacións estratéxicas e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e tendo en conta que no marco deste decreto se consideran medidas ordinarias aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo sen alteracións significativas dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado serán as que poñeremos en práctica, no caso de ser preciso como mestres tutores, contando co asesoramento e participación do Departamento de Orientación do centro. Dentro destas medidas inclúense:

- Organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado (carácter flexible da programación).

- Adaptacións dos tempos, procedementos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo.
- Adaptación curricular.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de Habilidades Sociais.

No caso de que estas medidas non resultasen suficientes solicitarase a intervención do Departamento de Orientación para elaborar unha Avaliación Psicopedagóxica.

Para as dificultades que xurdan derivadas da fenda dixital, empregaremos a aula virtual Edixgal dende o comezo de curso, resolvendo as dúbidas que poidan xurdir, acostumando ao alumnado a utilizala para o intercambio de tarefas. Tamén empregaremos de forma complementaria, e se o alumnado así o precisa, a vía telefónica e /ou a plataforma Webex, así como aplicacións informáticas de mensaxería como Abalar móbil.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Tendo en conta a actual situación de crise sanitaria, en base á súa evolución decidirase sobre a conveniencia de realizar ou adaptar diferentes actividades, tanto na contorna próxima ao centro como diferentes organismos que ofrezan a posibilidade de visitas as súas institucións.

Trataremos de implementar novos xeitos, cada vez máis extendidos, de participación de axentes externos na vida escolar mediante o emprego de formatos tales como as Webinar.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

14. CONTRIBUCIÓNS AO PLAN LECTOR, PLAN TIC E PLAN DE CONVIVENCIA NO CENTRO

14.1.-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura as teremos en consideración á hora de traballar na aula e poder acadar os obxectivos propostos no alumnado:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Usar a biblioteca para a búsqueda de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- Usar os motores de búsqueda para a procura de información e o emprego de palabras clave.

Por iso:

A lectura estará presente en todas as áreas. O fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora traballáremolas, non só dende a área de Lingua Castelá e Lingua Galega, senón a través das actividades específicas de todas as áreas.

En tódalas áreas realizaremos lecturas, nas diferentes unidades didácticas, e os seus correspondentes exercicios de comprensión e expresión tanto oral coma escrita.

Iniciaremos aos alumnado na recitación de poemas, diálogos e en pequenas dramatizacións....

Fomentaremos o uso da lectura do xornal e o emprego das novas tecnoloxías.

Temos en cada clase unha biblioteca de aula que utilizarán para buscar informacións sobre o que se está a traballar, así tamén como unha actividade de ampliación para aqueles rapaces que xa remataron as súas tarefas.

Produccións de carácter literario: contos, acrósticos, poemas encadeados ...

Participaremos en todas aquelas actividades posibles que nos sirvan para fomentar a lectura; por exemplo a través da biblioteca escolar, das posibles saídas, dos proxectos de ciclo, das conmemoracións...

14.2.-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

BÚSQUEDA E ADQUISICIÓN DE INFORMACIÓN (INTERNET):

Acceder e consultar bases de datos documentais.

Visitar e obter información de institucións, empresas e asociacións ou persoas individuais.

Realizar búsquedas temáticas sobre un tópico específico.

Investigar para a elaboración de proxectos de aula.

COMUNICACIÓN E INTERACCIÓN SOCIAL:

Manter correspondencia con outra xente, colexios, institucións..

Expoñer traballos nos blogues da respectiva aula, na página web e RRSS do centro.

Deixar comentarios nos blogues do colexio.

PRODUCCIÓN PERSOAL:

Redactar traballos persoais ou calquera outro tipo de documento a través de procesadores de texto.

Elaboración de gráficas.

Elaboración de montaxe de imaxes.

Elaboración de presentacións multimedia.

Creación de debuxos e ilustracións.

Realización e retoque de fotos.



ceip.barouta@edu.xunta.gal

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS, PROXECTOS E/OU EXERCICIOS:

Resolver exercicios interactivos a través do ordenador.
 Estudar itinerarios, mapas, tempo atmosférico a través de aplicativos, principalmente os que traen por defecto os ordenadores EDIXGAL.

EDIXGAL:

Manexo dos programas do ordenador EDIXGAL do alumnado.
 Sistema operativo dos ordenadores EDIXGAL.
 Emprego básico dos recursos ofertados.
 Ferramentas para o traballo cooperativo.
 Modo de coidar os equipamentos Edixgal.
 Emprego respectuoso e axeitado de este equipamento escolar

14.3 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

RESPECTO AO PROFESORADO:

Coñecer a situación actual da convivencia no centro.
 Coñecemento da normativa sobre convivencia.
 Potenciar as habilidades sociais dirixidas á resolución pacífica de conflitos.
 Fomentar as actuación preventivas dende a acción tutorial.

RESPECTO Á ACCIÓN TITORIAL:

Dar a coñecer ao alumnado, as normas de convivencia do centro.
 Formar ao alumnado en habilidades sociais básicas.
 Intervir tan pronto como se detecte o inicio de conflitos entre alumnado.
 Dar a coñecer ás familias do alumnado as normas de convivencia do centro.
 Sensibilizar ás familias da necesidade de educar dende un modelo de convivencia pacífica

REFERENTE AO ALUMNADO:

Coñecer os seus antecedentes académicos e características diferenciais persoais.
 Afondar no coñecemento dos seus trazos de personalidade (aptitudes, intereses, motivacións, etc.).
 Favorecer no alumnado o coñecemento de si mesmo.
 Detectar e analizar as súas dificultades persoais e escolares.
 Contribuír á mellora das súas relacións co grupo, co profesorado, coa familia, etc.
 Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitirán avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, como un mecanismo de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora que vaimos atopando.

	A DESTACAR	A MELLORAR	A REVISAR
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			



ceip.barouta@edu.xunta.gal

Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			